**Sociedade Galega de Historia Natural**
Delegación Local de Arousa
Apartado de Correos n.° 303
36600-VILAGARCIA de AROUSA
(Pontevedra)

N.º 30/97
SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL DELEGACION LOCAL AROUSA
ENTRADA
SAIDA 9 OCT. 1997



9 OCT. 1997

O XULGADO DE INSTRUCCIÓN

CALDAS DE REIS

Xosé Lois Rey Muñiz, en nome e representación da Delegación Local en Arousa da **SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (S.G.H.N.)**, con DNI nº 35.451.163. Con enderezo a efectos de notificación no apartado de correos nº 303, de Vilagarcía de Arousa; 36600 Pontevedra, como mellor proceda, **DIGO:**

Que por medio do presente escrito formulo **DENUNCIA** en base ós seguintes

- FEITOS -

I - Que recentemente aprobouse por parte da Xunta de Galicia a construcción dun encoro en Caldas de Reis no río Umia.

II - Que o propio estudio de impacto ambiental do anteproxecto (fotocopia nº 1) recoñecía a presencia de aguia imperial (*Aquila adalberti*), tal como indica a fotocopia adxunta a este escrito (fotocopia nº 2). Esta especie está incluída no anexo I da Lei 4/89 de 27 de marzo como "especie en perigo de extinción".

III - Que segundo o artigo 31.b da citada Lei 4/89 prohibe a destrucción de niños, areas de invernada, repouso e reproducción das especies incluídas no citado Anexo.

.../...

Papel reciclado

**Sociedade Galega de Historia Natural**
Delegación Local de Arousa
Apartado de Correos n.° 303
36600-VILAGARCIA de AROUSA
(Pontevedra)



.../...

IV - Que ó obxecto de evitar calquera interpretación de mala fe, indico que no período de alegacións deste proxecto, a SGHN indicou que o estudio de efectos ambientais presentado pola Xunta, era na súa meirande parte falso, por ser unha burda copia dun proxecto para un encoro en Huelva. Dado que só pode ser falso o verdadeiro, se é falso consideramos que vicia o proxecto, coas consecuencias legais que se determinen e se é verdadeiro incumpliuse coa citada Lei 4/89.

Polo exposto.

SUPLICO:

- Que se consideren DENUNCIADOS os feitos e procédase a realiza-las investigacións oportunas, así como o interese da S.G.H.N. de se personar como acusación particular, para o cal se solicita o beneficio de xustiza gratuíta pola escasa capacidade económica da S.G.H.N. e figurar estatutariamente como entidade sen ánimo de lucro.

Vilagarcía, a nove de outubro de mil novecentos noventa e sete.

O Delegado de SGHN-Arousa.

Sdo.: Xosé Lois Rey Muñiz.

Papel reciclado

XUNTA DE GALICIA

| CONSELLERIA DE POLITICA TERRITORIAL<br>OBRAS PUBLICAS E VIVENDA<br>DIRECCION XERAL DE OBRAS PUBLICAS |
|---|

| CLAVE: | **OH. 136. 306** |
|---|---|

| TIPO: **ANTEPROYECTO** | REF. CRONOLOGICA: **12 / 93** |
|---|---|

| | |
|---|---|
| CLASE: | |
| TITULO BASICO: | **PRESA DE CALDAS DE REIS EN EL RIO UMIA** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| PROVINCIA: | **PONTEVEDRA** | CLAVE: | **PO** |
| TERMINO MUNICIPAL: | **CALDAS DE REIS** | CLAVE: | |
| RIO: | **UMIA** | CLAVE: | |

| | |
|---|---|
| PRESUPUESTO ADICIONAL: | |
| PRESUPUESTO TOTAL: | **1.349.921.530 ptas** |

| |
|---|
| INGENIERO DIRECTOR DEL ANTEPROYECTO:<br>**AGUSTIN HERNANDEZ FERNANDEZ DE ROJAS** |
| INGENIERO AUTOR DEL ANTEPROYECTO:<br>**LUIS FERNANDEZ ALMIÑANA** |

CONSULTOR : SEGURPRESA seguridad de presas, s.a.

**TOMO II : ANEJO 8.- ESTUDIO DE EFECTOS AMBIENTALES**

Familia: HERPESTIDAE

Herpestes ichneumon (Meloncillo)

Familia: MUSTELIDAE

Subfamilia: Melinae

Meles meles (Tejón)

Subfamilia: Mustelinae

Martes foina (Garduña)

Mustela putorius (Turón)

Mustela nivalis Ibérica (Comadreja)

Nutria (Lutra lutra)

Familia: VIVERRIDAE

Genetta genetta (Gineta)

Orden: ARTIODACTYLA

Familia: SUIDAE

Sus scrofa (Jabalí)

CLASE: AVES

Orden: ANSERIFORMES

Familia: ANATIDAE

Anas platyrhinchos (Anade real)

Orden: ACCIPITRIFORMES

Familia: ACCIPITRIDAE

Buteo buteo (Ratonero común)

Aegypius monachus (Buitre negro)

Aquila heliaca (Aguila imperial)